



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 5 de setembro de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/3006

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Corporal

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Tras analizar a documentación da praza 25/3006, as reclamacións presentadas por D^a Yolanda Escalante González e D. Miguel Lorenzo Martínez, os informes emitidos pola Comisión de selección e a resposta dada pola Comisión de selección ao acordo da Comisión de reclamacións de 21 de xullo de 2025 (publicado no TEO o 24/07/2025), a Comisión de reclamacións ACORDA:

1. Estimar as reclamacións presentadas por D^a Yolanda Escalante González e D. Miguel Lorenzo Martínez no relativo aos criterios específicos fixados pola Comisión de selección nos puntos II.2, III.1, III.2 e III.7 por incumprir o establecido na Normativa pola que se regula a selección do persoal docente e investigador aprobada polo Consello de goberno o día 7/11/2024 que di:

Todos os méritos serán valorados segundo a súa relación coa/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso, de acordo cos seguintes coeficientes: os méritos na especialidade de coñecemento multiplicaranse por 1, os méritos nas especialidades de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5 e os méritos en especialidades non afíns multiplicaranse por 0,1, agás no bloque IV (experiencia profesional) nas prazas de profesorado asociado en que se actuará conforme ao aí establecido (anexo I, p. 17 da Normativa)

Este principio figura tamén explicitamente recollido no Modelo para establecer por parte da comisión de selección os criterios de valoración nas prazas de profesorado axudante doutor, substituto e asociado (anexo II, p. 19 da Normativa) como criterio de aplicación xeral e como condicionante dos criterios específicos:

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

2. A Comisión de selección estableceu como área afín Educación Física e Deportiva e esta condición de área afín, como criterio xeral que é, ten que aplicarse na valoración de **todos os méritos** das persoas candidatas.
3. Os criterios específicos que poida fixar a comisión teñen carácter de criterios adicionais e en ningún caso poden contravir o criterio xeral de ponderación das áreas afíns, e só poden fixarse nos termos e para os casos contemplados na propia Normativa, en concreto nos puntos b), c), d), e), f), g), h) da sección II.2. Calidade docente; III.1 Publicacións científicas;



III.2 Comunicacóns en reunións científicas; III.7 Accións de transferencia e divulgación científica, como claramente recolle o anexo II da Normativa.

4. Requerir da Comisión de selección que indique para cada un dos méritos alegados polas persoas concursantes nos puntos II.2, III.1, III.2 e III.7 se pertencen á área de coñecemento de Didáctica da Expresión Corporal ou á de Educación Física e Deportiva.
5. Requerir da Comisión de selección que proceda a baremar cada un dos méritos alegados polas persoas concursantes nos puntos II.2, III.1, III.2 e III.7 de acordo coa súa vinculación á área de Didáctica da Expresión Corporal (ponderación 1), á área de Educación Física e Deportiva (ponderación 0,5) ou ás restantes áreas de coñecemento (ponderación de 0,1).
6. Dar á Comisión de selección un prazo de 5 días a partir da publicación da presente resolución no TEO para a remisión dunha nova proposta de provisión que cumpra co indicado nos puntos 4 e 5 da presente resolución, e do respectivo excel.
7. Facer público este acordo.

Lémbrese que as resolucións da Comisión de reclamacións **son vinculantes** (artigo 73.2 da Lei Orgánica 2/2023 de 22 de marzo do Sistema Universitario), por tanto, o incumprimento por parte da Comisión de selección das resolucións desta Comisión de reclamacións é susceptible do inicio das accións disciplinarias que contempla o ordenamento legal vixente, sen excluír a esixencia da correspondente responsabilidade patrimonial que del puidese derivarse.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández